



## Información adicional sobre protección de datos persoais

<b>Enquisas</b>	Enquisa de poboación activa Enquisa estrutural a fogares Enquisa conxuntural a fogares
<b>Responsable</b>	Instituto Galego de Estatística Enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela Contacto: <a href="http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=005006">http://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=005006</a>
<b>Finalidade</b>	A finalidade destas enquisas é obter información socioeconómica da poboación galega.
<b>Lexitimación</b>	A base xurídica para a súa realización é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, establecida nos artigos 6, 9, 18, 21 e 39.3 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia (LEG), que facultan ao IGE a solicitar datos a todas as persoas físicas, de calquera nacionalidade, sempre que teñan o seu domicilio ou residencia en Galicia.
<b>Destinatarios</b>	Instituto Galego de Estatística Instituto Nacional de Estadística, no caso da Enquisa de poboación activa
<b>Conservación</b>	A información recollida mantense de xeito permanente. Os datos identificativos das persoas non forman parte dos ficheiros finais de análise, que son seudonimizados logo de depurar os datos.
<b>Dereitos</b>	De acordo cos artigos 89.2 do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, e 25.3 da Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales, non se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e limitación do tratamento, ao tratárense de ficheiros que serven a fins exclusivamente estatísticos, contan coas garantías do secreto estatístico e estarán amparados pola lexislación estatal ou autonómica sobre a función estatística pública.
<b>Obrigas</b>	A participación nestas enquisas é obrigatoria, de acordo co artigo 18 da LEG e o artigo 15 da Lei do Plan galego de estatística 2017-2021. O incumprimento desta obriga será sancionado de acordo co previsto na LEG, que establece multas de 100 a 500 euros para infraccións leves, de 501 a 2500 euros para infraccións graves e de 2501 a 10.000 euros para infraccións moi graves.